



Guía Docente				
Datos Identificativos				2019/20
Asignatura (*)	Literatura, Cultura e Sociedade	Código	613584103	
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Mestrado Oficial	1º cuatrimestre	Primeiro	Obrigatoria	3
Idioma	CastelánGalegoPortugués			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Letras			
Coordinación	Samartin López-Iglesias, Roberto	Correo electrónico	roberto.samartin@udc.es	
Profesorado	Samartin López-Iglesias, Roberto	Correo electrónico	roberto.samartin@udc.es	
Web				
Descrición xeral	Aproximación das relacións entre literatura, cultura e sociedade, prestando especial atención ás escolas teórico-críticas que parten de postulados sociolóxicos, sistémicos e/ou de base marxista			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe		Competencias / Resultados do título	
Coñecer as principais correntes teóricas que integraron e integran a reflexión sobre a literatura e a cultura, así como os seus antecedentes	AM7		
Integrar os estudos literarios nun contexto cultural máis extenso que trascenda os límites dunha soa lingua e/ou nación, atendendo á diversidade cultural, en especial nos ámbitos hispánico e galego-portugués.	AM1 AM6		CM2 CM4
Entender a literatura en relación con outros campos culturais e utilizar ferramentas e tecnoloxías apropiadas para o seu estudo	AM2 AI3	BP1 BP3 BP5	CM5
Analizar e interpretar tanto textos como mecanismos e procesos de comunicación aplicando diferentes modelos teóricos.	AM5 AP1		
Aplicar as técnicas de análise cultural respectando os fundamentos ideolóxicos presentes en contextos diversos.	AM4 AM9		
Asumir a importancia e os beneficios sociais da aprendizaxe, e coñecer os medios para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.		BP2 BP4 BP8	
Adquirir capacidade de organizar o traballo, planificar e xestionar o tempo e resolver problemas en entornos novos de forma efectiva, aplicando os coñecementos e habilidades desenvolvidos en contextos interdisciplinares.			CM1 CM6
Desenvolver habilidades de xestión da información, de capacidade de síntese, análise e pensamento crítico relacionadas cos propósitos académicos e o desenvolvemento e a creación dun perfil investigador			C11 C13
Expresarse correctamente, tanto de forma oral como escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma		BP7	

Contidos	
Temas	Subtemas
1. Da Literatura para a Cultura	1.1. Cuestións xerais, históricas e metodolóxicas 1.2. Procesos de canonización e construción do coñecemento



2. Teorías sistémicas e sociolóxicas	2.1. Os sistemas culturais (Itamar Even-Zohar) 2.2. Os campos culturais (Pierre Bourdieu) 2.3. O materialismo cultural (Raymond Williams) 2.4. As teorías empíricas de base sociolóxica para a análise da cultura
3. Métodos e ferramentas para a análise da cultura	3.1. Análises cuantitativas e cualitativas de base empírica: Bases de datos 3.2. Métodos de análise e representación: Análise de Redes Sociais 3.3. Técnicas automáticas de clasificación semántica: Textometría
4. Planificación cultural e mudanza social	4.1. Obxectivos e resultados dos estudos na cultura 4.2. Aplicacións socioeconómicas e profesionais: Estudos de caso

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A1 A4 A6 A7 B6 B11 C4 C5	1	1	2
Discusión dirixida	A2 A5 B5 C6	4	15	19
Traballos tutelados	A14 A9 B4 B7 B8 C1 C2	2	10	12
Lecturas	A10 C7	1	20	21
Prácticas a través de TIC	A2	1	1	2
Glosario	A9 A7 C5	2	2	4
Seminario	B10 C9	4	10	14
Atención personalizada		1	0	1

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Presentación, desenvolvemento e análise de contidos teóricos e procedementais fundamentais para o alumnado atinxir as competencias e destrezas previstas no seminario.
Discusión dirixida	Presentación polo profesor ou polo alumnado dunha serie de casos teórico-prácticos para a súa análise conxunta e colaborativa ao longo das sesións presenciais.
Traballos tutelados	Realización de abordaxens concretas relacionadas cos asuntos abordados na materia. Estes traballos poderán ser realizados de maneira individual ou colectiva (de acordo coa planificación realizada polo profesor no inicio das sesións).
Lecturas	Realización dunha serie de lecturas breves (artigos ou capítulos de libro) previamente seleccionadas polo docente e relacionadas directamente cos contidos abordados na materia.
Prácticas a través de TIC	Aplicación e teste das TIC aos estudos na cultura.
Glosario	Apresentación e discusión colaborativa de conceptos fundamentais para o entendimento das varias ferramentas teórico-metodolóxicas focadas na materia.
Seminario	Traballo en grupo a partir da exposición oral ao conxunto da turma das lecturas atribuídas polo profesor no inicio das sesións ou, eventualmente, dos resultados dalgún dos traballos tutorizados. Durante os seminarios, o alumnado utilizará os recursos tecnolóxicos e metodolóxicos precisos ao efecto e demostrará a asunción e a aplicación práctica dos contelúdos, destrezas e competencias abordados na materia.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición



Traballos tutelados Lecturas Seminario	<p>Ao lado do labor de acompañamento realizado no horario de atendimento marcado polo profesor responsábel pola materia, a atención personalizada estará dirixida especialmente (que non unicamente) para o apoio á realización do(s) Traballo(s) Tutorizado(s), das Lecturas e dos seminarios. De maneira xeral, recoméndase que cada alumno/a asista polo menos a unha sesión de atendimento previa á exposición das lecturas atribuídas.</p> <p>Para a realización das actividades previstas e a fin de obter unha orientación adecuada, é fundamental que o alumnado comunique de maneira fluída e frecuente tanto os seus progresos como as súas eventuais dificultades. Alén diso, cada estudante poderá realizar toda clase de consultas en relación ao desenvolvemento da materia, quer no horario de atendimento quer através do correo electrónico.</p> <p>Esta atención personalizada tamén está contemplada para o alumnado a tempo parcial e con dispensa académica recoñecida, así como para o estudantado matriculado para se examinar na convocatoria de decembro.</p>
--	--

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Discusión dirixida	A2 A5 B5 C6	Será avaliado o rigor e a profundidade da análise, as cuestións eventualmente levantadas durante as intervencións, a frecuencia destas e, en xeral, todos os contributos relacionados co acompañamento/ desenvolvemento da materia.	20
Traballos tutelados	A14 A9 B4 B7 B8 C1 C2	Serán avaliados os contidos focados e os resultados do proceso ensino-aprendizaxe en relación á consecución dos obxectivos procurados na materia. Levarase tamén en conta a calidade lingüística, a capacidade para a aprendizaxe autónoma e/ou o traballo en equipo, a capacidade analítica e crítica, e a adecuación aos obxectivos formulados polo profesor para estas actividades.	30
Lecturas	A10 C7	Para alén da eventual presentación oral dalgunha das lecturas propostas, será avaliado o nivel de análise e comprensión das restantes lecturas demostrado no transcurso das outras presentacións, nos seminarios e nas discusións dirixidas.	20
Seminario	B10 C9	Será avaliada fundamentalmente a comprensión e o dominio dos contidos apresentados e comentados, así como a utilidade da discusión para os propósitos da materia. Levarase tamén en conta a calidade lingüística, a organización e a secuencia expositiva, a clareza e precisión nas intervencións, a interacción co auditorio, o uso do tempo dispoñíbel e a eventual elaboración e utilización dos recursos tecnolóxicos.	30

Observacións avaliación



A avaliación da materia será feita de forma continua. Nela serán levados en conta non apenas os elementos referidos no lugar correspondente deste guía mais tamén, de xeito transversal, as competencias lingüísticas, argumentativas e para a aprendizaxe colaborativa demostradas ao longo do proceso de ensino-aprendizaxe.

Neste sentido, todas as actividades deberán cumprir unhas exixencias mínimas de corrección lingüística (ortografía, puntuación, concordanciasintáctica, ausencia de reiteracións, precisión léxica, rexistro formal?). No caso de deficiencias lingüístico-expresivas, estas poderán ser penalizadas na cualificación segundo os criterios que constan no documento "Exixencias mínimas de corrección lingüística" (aprobado pola Sección de Galego-Portugués o 6/7/2018 e pendurado en Moodle).

Os traballos presentados polo alumnado poderán ser incorporados ao Turnitin, ferramenta para a detección do plaxio así como de traballos previamente presentados nesta ou noutras universidades, incluso polo mesmo/a alumno/a. En caso de que se produza algunha destas circunstancias, poderán ser aplicadas as medidas contempladas nas Normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de grao e mestrado universitario da Universidade da Coruña (artigo 14.4).

Todas as actividades deberán ser realizadas e entregadas de acordo cos prazos e os procedementos fixados no cronograma que o profesor fornecerá ao alumnado no inicio das sesións e pendurará na plataforma Moodle. As actividades entregadas fóra do prazo marcado non serán obxecto de avaliación.

O estudantado a tempo parcial ou con dispensa académica realizará e entregará nunha data concertada previamente co docente as leituras e os traballos tutorizados indicados polo profesor. Se non puiden asistir ao atendimento, @ estudante deberá pórse en contacto co profesor a través do correo electrónico no inicio do curso. Aquele alumnado que certifique imposibilidade de asistir ás aulas debe tamén contactar co profesor da materia o antes posíbel.

O alumnado que se apresenter á convocatoria adiantada de decembro terá de contactar previamente co docente responsábel pola materia e, para a superar, terá de realizar aqueles traballos tutelados (5 valores) e aquelas leituras (5 valores) que lle foren encomendados.

Se houber criterios específicos de avaliación para algunha das tarefas propostas, estes serán oportunamente disponibilizados polo profesor responsábel a través do Moodle e/ou expostos na sala de aulas. O docente fornecerá, igualmente, as oportunas instrucións para o correcto desenvolvemento de cada unha das actividades previstas.

As persoas que non superaren a materia de acordo coa avaliación continuada deberán concorrer á oportunidade de xullo. Para superaren a materia nesta segunda oportunidade, @s alumn@s deberán realizar satisfactoriamente todas aquelas tarefas non superadas na oportunidade anterior xuntamente con aqueles outros traballos que foren agora solicitados.

Será considerado Non Presentado aquel alumno ou alumna que non apresenter ningunha das actividades previstas neste guía.

Fontes de información



Bibliografía básica

- Bourdieu, Pierre (1991). "Le champ littéraire. Avant propos?". *Actes de la Recherche en sciences sociales*, nº 89, pp. 3-46
- Bourdieu, Pierre (1992). *Les règles de l'art. Genèse et structure du champ littéraire*. Paris: Éditions du Seuil
- Bourdieu, Pierre (1985). *La distinction: critique sociale du jugement*. Paris: Éditions de Minuit
- Casas, Arturo (2002). "A Teoría crítica da cultura e a planificación dos estudos socioculturais (para ler González-Millán)". *Anuario de estudos literarios galegos*, 29-38
- Casas, Arturo (2007). "Xoán González-Millán: itinerarios teóricos?". Helena González Fernández & María Xesús Lama (eds.), *Actas do VII Congreso Internacional de*
- Castells, Miguel (2003). *La era de la información. El poder de la Identidad*. Madrid: Alianza Editorial
- Figueroa, Antón (2001). *Nación, literatura, identidade: comunicación literaria e campos sociais en Galicia*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia
- Figueroa, A. & González-Millán, X. (1997). *Communication littéraire et culture en Galice*. Paris: L'Harmattan
- Fowler, B. (1997). *Pierre Bourdieu and Cultural Theory. Critical Investigation*. London: Sage
- González-Millán, X. (2000). *Resistencia cultural e diferenza histórica: a experiencia da subalternidade*. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco
- Even-Zohar, Itamar (2007). *Polisistemas de cultura*. Tel Aviv: Unit of Culture Research, Tel Aviv University (acesíbel en <http://www.tau.ac.il/~itamarez/>)
- Even-Zohar, Itamar (2010). *Papers in Culture Research*. Tel Aviv: Unit of Culture Research, Tel Aviv University (acesíbel en <http://www.tau.ac.il/~itamarez/>)
- Lamont, M. & Fournier, M. (1992). *Cultivating Differences. Symbolic Boundaries and the Making of Inequality*. Chicago and London: The University of Chicago Press
- Lourido Hermida, Isaac (2011). *As alternativas sistémicas da Historia literaria en situación de conflito cultural. Desenvolvementos teóricos e modelos de renovación nos casos galego e quebequense*. Departamento de Literatura Española, Teoría da Literatura e Lingüística Xeral, Universidade de Santi
- Nooy, W. de (2005). "Culture in networks?". *The Collection and Analysis of Network Data. Summer School of the Quantitative Methods, the Social S*
- Pageaux, D. H. (2007). *Littératures et Cultures en dialogue*. Paris: L'Harmattan
- Rees, C. van (1983). "Advances in the Empirical Sociology of Literature and the Arts: The Institutional Approach?". *Poetics* 12, 285-310
- Samartim, Roberto L.I. (2010). *O proceso de construción do sistema literario galego entre o franquismo e a transición (1974-1978): margens, relacións, estrutura e estratexias de planificación cultural*. Santiago de Compostela: Servizo de Publicacións da USC
- Sapiro, G. (2007). "Pour une approche sociologique des relations entre littérature et idéologie?". *CONTEXTES 2* (acesíbel en <http://contextes.revues.org/index165.html>)
- Sela-Sheffy, R. (2002). "Canon Formation Revisited: Canon and Cultural Production?". *Neohelicon* XXIX(2), 141-159
- Tarrío Varela, Anxo e Abuín González, Anxo (eds.) (2004). *Bases metodolóxicas para unha historia comparada das literaturas da Península Ibérica*. Santiago de Compostela: Servizo de Publicacións da USC
- Thiesse, A. (1999). *La Création des identités nationales: Europe XVIIIe XXe siècle*. Paris: Éditions du Seuil
- Torres Feijó, Elías J. (2004). "Roma locuta causa finita? Sobre docencia e crítica da literatura e da cultura?". Aurora Marco et al. (eds.), *Actas del VII Congreso Internacional de la Sociedad Española de Didáctica*
- Lotman, Iuri M. (1996). *La Semiosfera*. [vol. I : Semiótica de la cultura y del texto -- Vol. II : Semiótica de la cultura, del texto, de la conducta y del espacio -- Vol. III : Semiótica de las artes y de la cultura]. Madrid: Cátedra
- Williams, Raymond (1994). *Sociología de la Cultura*. Barcelona: Paidós Ibérica
- Williams, Raymond (1997). *Marxismo y literatura*. Barcelona: Ediciones Península



Bibliografía complementaria	<ul style="list-style-type: none">- Anderson, B. (1983). <i>Imagined Communities. Reflections on the Origin and Spread of Nationalism</i>. London: Verso- Bassel, N. (1991). ?National Literature and Interliterary System?. <i>Poetics Today</i> 12(4), 773-780- Bertalanffy, L. von (1993). <i>Teoría general de los sistemas: fundamentos, desarrollo, aplicaciones</i>. Madrid: Fondo de Cultura Económica- Dias, Ângela Maria (org.) (1999). <i>A Missão e o Grande Show. Políticas culturais no Brasil dos anos 60 e depois</i>. Rio de Janeiro: Tempo Brasileiro- Gramsci, Antonio (2001). <i>Cadernos do Cárcere</i>. Rio de Janeiro: Civilização Brasileira- Hohendahl, P. H. (1989). <i>Building a National Literature. The Case of Germany, 1830-1870</i>. Cornell University Press: Ithaca and London- Jusdanis, G. (1991). <i>Belated modernity and aesthetic culture: inventing national literature</i>. Minneapolis: University of Minnesota Press- Kiberd, D. (1995). <i>Inventing Ireland</i>. Jonathan Cape: London- Lemieux, V. & Ouimet, M. (2004). <i>L'analyse structurale des réseaux sociaux</i>. Laval (Quebec): Les Presses de l'Université de Laval- Mc Crone, David (et al) (1995). <i>Scotland ? the Brand: The making of Scottish Heritage</i>. Edinburgh: Edinburgh University Press- Moretti, F. (2005). <i>Graphs, Maps, Trees: Abstract Models for a Literary History</i>. London: Verso- Pécaut, Daniel (1990). <i>Os intelectuais e a política no Brasil: entre o povo e a nação</i>. São Paulo: Ática- Rodríguez, J. A. (2005). ?Análisis estructural y de Redes?. <i>Cuadernos Metodológicos</i> 16- Samartim, Roberto L.I. (2003). ?A Pré-história do Campo Literário?. <i>A Dona do Tempo Antigo. Mulher e campo literário no Renascimento português (1495-1557)</i>, Santiago de- Santos, Monserrat Iglesias (ed.) (1999). <i>Teoría de los Polisistemas</i>. Madrid: Arco/Libros- Sela-Sheffy, R. (1990). ?The Concept of Canonicity in Polysystem Theory?. <i>Poetics Today</i> 11(3), 511-522- Sela-Sheffy, R. (1997). ?Models and Habituses as Hypotheses in Culture Analysis?. <i>Canadian Review of Comparative Literature / Revue Canadienne de Littérature Comparée</i> XXIV(1), 35-47- Sullà, E. (ed.) (1998). <i>El Canon Literario</i>. Madrid: Arco/Libros- Taibo, Carlos (ed.) (2007). <i>Nacionalismo español: esencias, memoria e instituciones</i>. Madrid: Los Libros de la Catarata- Tato Fontaiña, Laura; Tavares Maleval, M. do Amparo (eds.) (2010). <i>Estudos galego brasileiros 3: lingua, literatura, identidade</i>. Rio de Janeiro / Coruña: UERJ / Universidade da Coruña- Torres Feijó, E. J. (2004). ?Potencialidades na indústria de ideias na Galiza actual para o relacionamento galego-luso-afro-brasileiro?. [Actas do] VIII Congresso Luso Afro Brasileiro de Ciências Sociais, Coimbra: Centro de Estudos Socia- Velázquez Álvarez, A. & Aguilar Gallegos, N. (2005). <i>Manual Introductorio al Análisis de Redes Sociales. Medidas de Centralidad. Ejemplos prácticos con UCINET 6.85 y NETDRAW 1.48</i>. Universidad Bolivariana de Chile: Santiago de Chile
------------------------------------	--

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

Todas as cuestións non contempladas explicitamente neste guía ou as eventuais dúbidas en relación co desenvolvemento do seminario serán resolvidas polo profesor no seu horario de atendimento, nas sesións presenciais ou no correo electrónico que figura no lugar correspondente deste documento.



(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías